

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de O Grove para que na tramitación dos expedientes actúe de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade.

Suxestión dirixida ao concello de O Grove para que, unha vez recabada a información necesaria, comprobén se se producen ou non os feitos denunciados polo reclamante e, no seu caso, procedan a darlle unha solución.

Expediente: N.9.Q/9523/22

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2023.

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- No seu escrito de queixa, o reclamante pon de manifesto como motivo da súa queixa o seguinte:

Después de múltiples intentos en el Ayuntamiento del Grove para que solucionen un problema de contaminación lumínica y sin hacernos el mínimo caso recurro a esta vía con la esperanza de solventar una situación muy molesta para nosotros y muchos vecinos, dudando incluso de la legalidad de la situación. Hay unos focos muy potentes como los de los estadios de fútbol, enfocando a nuestros hogares obligándonos a cerrar la persianas para evitar las molestias y deslumbramientos.

He reclamado a través de escritos en el concello y hasta día de hoy no he tenido respuesta alguna.

Hemos reclamado personalmente y a través de escritos presentados por registro en el ayuntamiento con fotos que evidencian la situación.

Ante la situación actual de crisis energética consideramos esta situación un verdadero despropósito que no beneficia a nadie causando verdaderas molestias

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello que xa nolo remitiu e no que, esencialmente, se pon de manifesto o seguinte:

En relación ao EXP. N.9.Q/9523/22 dende o departamento de medioambiente estamos recabando información dado que na solicitude presentada non recibimos información do expediente aberto posiblemente polo departamento de urbanismo.

Dende o departamento de medio ambiente imos estudar a cuestión plantexada por XXXXXXXXXXXXXXX para buscar unha solución ao problema que nos formula.

Por todo o exposto, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Neste expediente cómpre analizar ~~dúas~~ dúas cuestións:

- 1º.- Falta de resposta aos escritos presentados polo reclamante .
- 2º.- As molestias que producen os focos instalados polo concello .

SEGUNDA.- Respecto da falta de resposta aos escritos presentados polo reclamante, debemos ter en conta o seguinte:

1º.- O marco xurídico vixente configura un sistema de garantías do cidadán na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación dos cidadáns, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos dos cidadáns e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que conleva a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de si é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

2º.- Unha das obrigas que derivan do dereito da cidadanía a unha boa administración concrétese na obriga de dar resposta ás solicitudes formuladas polos administrados, sen prexuízo do contido material e fundamentación xurídica que puidera ter esa contestación formal.

Esa obriga das Administracións públicas a dar resposta expresa a cantas solicitudes presenten os administrados recóllese no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3º.- En calquera caso a Administración está obrigada a responder ao cidadán que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.

4º.- Neste caso concreto, se ben o informe remitido por ese concello a esta institución alude ás cuestións sobre as que o reclamante debería ter sido informada, non pode entenderse cumprida a obriga da entidade de responder ao reclamante e notificarlle dita resposta xa que non contén ningunha alusión a unha resposta formal á mesma, non aportando copia desa contestación nin xustifica de modo algún que non se ditara dita resposta.

TERCEIRA.- Respecto ás molestias que producen os focos instalados polo concello, debemos ter en conta o seguinte:

1º.- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 25.2.b), establece que:

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

2º.- No presente caso e segundo a información remitida polo concello, dende o departamento de medio ambiente están a recabar información e van a estudar a cuestión plantexada polo reclamante para buscar unha solución ao problema plantexado na súa queixa.

Por todo o exposto, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de O Grove o seguinte :

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

Recordámoslle que na tramitación dos expedientes deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

E a seguinte:

SUXESTIÓN

Unha vez recabada a información necesaria, comprobén si se producen ou non os feitos denunciados polo reclamante e, no seu caso, procedan a darlle unha solución.

Agradézoille de antemán a acollida ao manifestado nestas resolucións da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación do recordatorio de deberes legais e suxestión formulados, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditaron as presentes resolucións, estas se incluírán na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con



especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)